

**Parte da proba de acceso substitutiva do bacharelato para ensinanzas artísticas/  
deportivas**

# Materia: Lingua Galega e Literatura

|                      |          |             |            |                |  |
|----------------------|----------|-------------|------------|----------------|--|
| <b>Grao</b>          | SUPERIOR | <b>Data</b> | 31/05/2022 | <b>DNI/NIF</b> |  |
| <b>Alumno/a</b>      |          |             |            |                |  |
| <b>Cualificación</b> |          |             |            |                |  |

## INSTRUCCIÓN

### Formato

A proba consta de dúas partes, cun total de trece preguntas, distribuídas da seguinte maneira:

- Primeira parte. Consta de doce preguntas con tres posibles respostas das que só unha é correcta. Organízanse en tres bloques: bloque A, composto por tres preguntas relacionadas coa lectura comprensiva dun texto; bloque B, composto por catro preguntas referidas a coñecementos lingüísticos; e bloque C, composto por cinco preguntas, das cales tres están referidas a aspectos literarios e dúas ao grupo de contidos curriculares de "Lingua e sociedade".
- Segunda parte. Consta dunha única cuestión que require a elaboración dun texto escrito por parte das persoas candidatas.

### Puntuación

**Total: 10 puntos.**

Puntuación. Valorarase con 0,5 puntos cada resposta correcta da primeira parte da proba, até un máximo de 6 puntos. Non haberá penalización en caso de erro. A pregunta de produción textual da segunda parte estará valorada cun máximo de 4 puntos.

### Duración

A proba terá unha duración de sesenta minutos.

### Procedemento

As respostas ás cuestións tipo test indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Só se poderá utilizar un bolígrafo con tinta negra ou azul.

### Advertencia para as persoas candidatas

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

## Parte 1

---

### Texto

Hai pouco máis dunha década, [...] inaugurouse a era das *fake news*, que vén sendo unha forma sutil de chamar ás mentiras de toda a vida, coa campaña sobre a "imposición do galego". A lingua pasou a ser un verdadeiro campo de batalla [...]. O que se fixo foi potenciar e multiplicar os prexuízos sobre a mesma e propiciar unha involución que dez anos despois podemos comprobar con desacougo nas rúas e na aulas.

Non sei se lembrades aquela tolemia mediática por uns mandilóns para as galescolas, as variadas reportaxes a respecto da sobredotación das e dos cativos de tres anos que recitaban a Pondal de memoria ou a idea repetida mil veces mil de que o castelán fora exterminado da escola por un decreto que só tentaba conseguir a competencia lingüística plena en galego como marcaba a Lei de normalización vixente. Por certo, lei aprobada en 1983. Desde logo que fomos vangarda na creación e difusión de noticias falsas. Até a última aldea chegou a idea de que o galego estaba sendo "imposto" á forza e o castelán ficaba desprotexido.

Daba igual que calquera persoa no seu día a día comprobase que nos cines non se pode ver un filme dobrado ao galego, que nas tendas a lingua de comunicación é o castelán ou que non existe publicidade en galego que non sexa a institucional por poñer algún exemplo. Daba igual xa que a potencia das *fake news* é que apelan aos prexuízos e os medos que temos. [...]

Se puidésemos ter un debate pausado e racional, quen seguiría defendendo que vivimos nunha imposición do galego? [...] Mentres tanto unha profesora da Pontenova non pode impartir matemáticas en galego e a Xunta lémbrale que si pode facelo en inglés. [...] O máis triste é comprobar como perviven na sociedade e segue a considerarse que hai linguas de primeira categoría, segunda e de terceira rexional.

Vivo nunha cidade onde é case imposible "vivir en galego". No mundo educativo, vexo profesorado que nunca imparte ou impartirá as clases en galego. As mestras do meu fillo mantéñense fieis ao castelán nas horas de titoría aínda que a miña lingua sexa o galego. O alumnado do meu centro en moitas ocasións pide facer os exames en castelán porque di sentirse máis cómodo para pensar. Onde ficou o desexo da lei de normalización de acadar unha competencia lingüística plena en galego? Onde está a "imposición do galego"?

Carme Adán, *nosdiario.gal* (13 de abril de 2019)

## Indique a resposta correcta:

---

### A/ Comprensión escrita

1. Cal é a tese que defende a autora do texto?
  - a) Nos últimos tempos estendeuse a falsa idea, difícil de soste se examinamos a realidade social do noso país, de que o galego é un idioma imposto.
  - b) As *fake news*, que se divulgan en parte grazas aos prexuízos e aos temores da cidadanía, son capaces de distorsionar a visión real sobre determinados aspectos da sociedade.
  - c) Á hora de tomar decisións sobre o emprego das linguas a nivel social, é conveniente basearse na lexislación vixente e nun debate tranquilo e racional entre os distintos sectores implicados.
  
2. Cal é a intención comunicativa predominante do texto?
  - a) Informar sobre un tema de actualidade, achegando exemplos prácticos para conseguir unha exposición clara e ben argumentada.
  - b) Expresar unha opinión persoal de maneira argumentada sobre un determinado tema, intentando persuadir o lector para que asuma esa opinión como correcta.
  - c) Demostrar, mediante unha estratexia rigorosamente obxectiva (baseándose, neste caso, na consideración da lexislación vixente –Lei de Normalización Lingüística) e empregando un criterio dedutivo, que a realidade está sendo manipulada.
  
3. Como considera a autora do texto a situación actual do galego a respecto da que presentaba hai algo máis dunha década?
  - a) Obsérvase unha deterioración preocupante nos usos da lingua.
  - b) Obsérvase unha mellora xeral, a pesar do retroceso que sofre no sector educativo.
  - c) Non se aprecia ningún cambio significativo; os falantes de galego móvense nas mesmas circunstancias discriminatorias que estiveron presentes en toda a historia deste idioma.

### B/ Aspectos lingüísticos

4. Cal é a forma correspondente ao pretérito perfecto das seguintes formas verbais do texto: *vén* e *podemos*?
  - a) Viu e puidemos.
  - b) Veu e puidemos.
  - c) Viu e poidemos.
  
5. Cal é a forma empregada na fala espontánea do galego do bloque oriental das palabras *contradicións* e *irmán*, presentes no texto?

- a) Mandilós e irmau.
  - b) Mandilós e irmao.
  - c) Mandilois e irmao.
6. Cal é o procedemento de formación de palabras que se observa no termo *sobredotación*?
- a) Derivación.
  - b) Composición.
  - c) Parasíntese.
7. Que funcións sintácticas desempeñan os fragmentos subliñados no texto ("que nunca imparte ou impartirá as clases en galego" e "fieis ao castelán")?
- a) Complemento directo e complemento predicativo, respectivamente.
  - b) Complemento directo e atributo, respectivamente.
  - c) Oración subordinada substantiva e frase adxectiva, respectivamente.

### C/ Coñecementos literarios e contidos de "Lingua e sociedade"

8. Marque a opción que ofrezca características correspondentes ás cantigas de amigo da literatura trobadoresca?
- a) Algunhas das principais temáticas son a louvanza da dama, a reserva da dama e a coita de amor.
  - b) Adoitan clasificarse en cantigas de mestría e cantigas de refrán e algúns dos seus recursos máis relevantes son o dobre, o mordobre e a palabra perduda.
  - c) Empregan habitualmente esquemas paralelísticos, como o leixaprén, e clasifícanse en catro subxéneros principais: bailadas, mariñas ou barcarolas, cantigas de romaría e alboradas.
9. Cales son as características estruturais e/ou temáticas de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro?
- a) Está constituído por trinta e cinco poemas cun prólogo e un epílogo que lle dan un carácter circular; constitúe en gran medida unha glosa de cantares populares.
  - b) Divídese en cinco seccións, "Vaguedás", "Do íntimo", "Varia", "Da terra" e "As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos" nas que se alternan unha poesía subxectiva, lírica, existencial e outra obxectiva ou social, conectada tematicamente coa de *Follas novas*.
  - c) Divídese en cinco seccións, "Vaguedás", "Do íntimo", "Varia", "Da terra" e "As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos"; nas dúas primeiras predominan as temáticas costumista e intimista e nas outras tres, a político-social.

10. Indique cal é a obra que responde ás seguintes características: trátase dun conxunto de relatos moi breves, de carácter popular, acompañados por un debuxo do propio autor e narrados cun estilo sintético, grandes doses de humor, lirismo e vocación de compromiso coas clases traballadoras, que presentan unha temática moi variada: emigración, miseria do campesiñado, crenzas populares, traxedias humanas...
- a) *Cousas*, de A. R. Castelao.
  - b) *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro.
  - c) *Memorias dun neno labrego*, de X. Neira Vilas.
11. En cal das seguintes opcións se explica correctamente o concepto de diglosia?
- a) Coexistencia non igualitaria de dúas linguas nun mesmo territorio, de xeito que unha delas, a hexemónica ou dominante, asume a maioría dos usos formais e cultos e outra, a minorizada ou dominada, queda principalmente restrinxida aos usos informais.
  - b) Coexistencia de dúas linguas nun mesmo territorio, de xeito que unha delas, a maioritaria, despraza dos usos cultos a minoritaria, chegando mesmo a poñer en serio risco a supervivencia desta.
  - c) Coexistencia non igualitaria de dúas linguas nun mesmo territorio ou ben igualitaria en territorios contiguos, de xeito que unha delas, a maioritaria ou hexemónica, despraza dos usos cultos a minoritaria, chegando mesmo a poñer en serio risco a supervivencia desta.
12. En cal das seguintes opcións se explica correctamente o proceso de normalización lingüística do galego?
- a) Proceso que leva á consecución dunha variedade estándar unificada común, asentada na fala, pero depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición e coherente e harmónica coas linguas emparentadas co galego.
  - b) Proceso de recuperación por parte do galego de funcións e ámbitos de uso cultos perdidos en beneficio do castelán nun momento determinado da súa historia, así como do seu prestixio entre os falantes da súa comunidade lingüística.
  - c) Proceso concluído a finais da década dos oitenta do século pasado que tiña por obxectivo prioritario conseguir para o galego os mesmos dereitos legais que o castelán, principalmente a súa consideración de lingua cooficial e o seu emprego como lingua vehicular no ensino.

## Parte 2

---

### Producción textual

Comente as opinións expostas por Carme Adán, redactando un texto ben elaborado no que se expoñan, ademais, de maneira crítica, os principais prexuízos lingüísticos sobre o galego na actualidade. (Extensión: 100-120 palabras)

---

A resposta é libre. Resultaría conveniente que a argumentación xirase arredor do tema central do texto: a falsa idea, lanzada nos últimos tempos por algúns colectivos, e absolutamente contraria á realidade lingüística do país, de que o galego se está a impoñer á cidadanía; e que esta idea se puxese en relación con outros prexuízos lingüísticos sobre o galego existentes na actualidade. En calquera caso, valorarase positivamente calquera opinión que estea ben argumentada, aínda que non coincida con aquelas que son asumidas de maneira xeneralizada.

Os prexuízos lingüísticos son xuízos de valor negativos emitidos sobre unha lingua ou os seus falantes a partir de realidades simplificadas, malinterpretadas, manipuladas ou ás veces simplemente inventadas. Teñen a capacidade de propiciar, de maneira consciente ou inconsciente, o rexeitamento dunha lingua e dunha comunidade lingüística. Os prexuízos repercuten gravemente no uso efectivo do galego ao relegalo ao seu emprego diglósico e promover o seu abandono. Algúns dos prexuízos cara ao galego máis comúns existentes na actualidade sobre os que se debía reflexionar son os seguintes: a falta de utilidade do galego, ao ser unha lingua que non se pode empregar fóra do territorio de Galicia; o galego é unha lingua menos rica que o castelán; o galego é unha lingua rural, de pobres e ignorantes, mal considerado polos seus propios falantes, que ademais se consideran pouco competentes nela; o galego normativo como idioma inventado; o galego como marca ideolóxica e/ou política; o emprego do galego perante as persoas non galegofalantes como unha descortesía e o galego como idioma que subsiste grazas ás subvencións públicas.

Desde o punto de vista da expresión, valorarase a produción dun discurso correcto, claro, coherente, ben cohesionado e adecuado a un rexistro de lingua formal. Considerarase daquela positivamente a boa estruturación dos contidos, a intelixibilidade e adecuada progresión da argumentación, o manexo dos recursos de cohesión e a correcta selección do vocabulario; e penalizaranse os erros de lingua e o emprego de expresións coloquiais ou propias da oralidade.

## Táboa de respostas do test

| TÁBOA DE RESPOSTAS |   |   |   |
|--------------------|---|---|---|
| Nº                 | A | B | C |
| 1                  | X |   |   |
| 2                  |   | X |   |
| 3                  | X |   |   |
| 4                  |   | X |   |
| 5                  |   |   | X |
| 6                  | X |   |   |
| 7                  | X |   |   |
| 8                  |   |   | X |
| 9                  | X |   |   |
| 10                 | X |   |   |
| 11                 | X |   |   |
| 12                 |   | X |   |

|                     |     |
|---------------------|-----|
| Preguntas tipo test | / 6 |
| Produción textual   | / 4 |
| Total               | /10 |